

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA  
CELEBRADA O DÍA 13 DE MAIO DE 2014**

<b>ASISTENTES</b>	
	<b>GRUPO POLÍTICO</b>
<b>ALCALDE:</b>	
D. José Ferverza Costas	PP
<b>CONCELLEIROS/AS:</b>	
D <sup>a</sup> . Susana Varela Santiago	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D <sup>a</sup> . María Colomba López Freire	PP
D <sup>a</sup> . Rosa Solla Veiga	PP
D <sup>a</sup> . María del Carmen Maya Santomé	PP
D <sup>a</sup> . Raquel Carro Sequeiros	PP
D <sup>a</sup> . María del Carmen Regueira Fernández	PP
D. Xosé Manuel Millán Otero	BNG
D <sup>a</sup> . María Martínez Nogueira	BNG
D <sup>a</sup> . María Beatriz Riobó Rouco	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D <sup>a</sup> . María Libertad Cruz Couso	BNG
D <sup>a</sup> . Coral Ríos Santomé	BNG
D <sup>a</sup> . Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D <sup>a</sup> . Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. María Dolores Miranda Costas	PS de G-PSOE
<b>SECRETARIO:</b>	
D. Adamantino Barreiro García	
<b>AUSENTES:</b>	

En Moaña, o 13 de maio de 2014, martes, ás 20,00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen-se, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

**ORDE DO DÍA**

1º.- Nomeamento a D. Roberto González Pastoriza como fillo predilecto de Moaña a título póstumo.

Antes do inicio da sesión plenaria, gárdase un minuto de silencio polo falecemento onte da presidenta da Deputación de León e presidenta do Partido Popular da provincia, **Dona Isabel Carrasco**.

**1º.- NOMEAMENTO A D. ROBERTO GONZÁLEZ PASTORIZA COMO FILLO PREDILECTO DE MOAÑA A TÍTULO PÓSTUMO.****PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE INICIO DE EXPEDIENTE PARA O NOMEAMENTO DE D. ROBERTO GONZÁLEZ PASTORIZA COMO FILLO PREDILECTO DE MOAÑA, A TÍTULO PÓSTUMO**

*Antecedentes: A Irmandade Xurídica Galega presentou ante esta Alcaldía, con data 10 de setembro de 2012, unha proposta para o nomeamento de D. Roberto González Pastoriza como fillo predilecto de Moaña, a título póstumo.*

*Trasladada unha copia desta proposta aos voceiros dos grupos políticos presentes na Corporación Municipal para o seu estudo, estes manifestan o seu asentimento formal, por unanimidade, a través da Comisión de Cultura de 24 de setembro de 2013.*

*O Pleno Municipal de 26 de setembro de 2013 acordou iniciar expediente para outorgar a D. Roberto González Pastoriza a distinción de fillo predilecto de Moaña, a título póstumo, nomeando a D<sup>a</sup> Colomba López Freire como instrutora e o secretario municipal como secretario para a súa tramitación.*

*O acordo permaneceu en información pública a partir do 8 de febreiro de 2014, sen que fose obxecto de reclamación ou obxección.*

*Esta Alcaldía, proseguindo coa tramitación do expediente, realiza a seguinte*

**PROPOSTA:** *Propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:*

*Nomear a D. Roberto González Pastoriza como fillo predilecto de Moaña, a título póstumo, no Pleno Municipal.*

➤ Toma a palabra a Concelleira delegada de Cultura dona Colomba López Freire, que da lectura a un escrito que entrega para a súa constancia na acta que literalmente di:

*Roberto González Pastoriza, naceu en Moaña o 26 de febreiro de 1898. O seu pai José Benito González Portela, secretario do xulgado de Moaña, que participou na formación das persoas analfabetas da veciñanza e a súa nai Dolores Pastoriza Díez, filla dun mestre local, preocupáronse por garantirlle unha correcta educación, tanto escolar como en valores éticos e morais.*

*Despois de adquirir os coñecementos primarios en Moaña, estuda no Colexio cívico-militar de María Auxiliadora, de Vigo, entre 1912 e 1915. En 1916 trasládase á Universidade de Santiago de Compostela para comezar a súa formación en Dereito. Entre os seus profesores están figuras iniciais do galeguismo histórico como Luís Porteiro Garea ou Lois Peña Novo, dos seus compañeiros de aulas podemos destacar a Valentín Paz Andrade, a quen lle dedicou a Real Academia Galega o Día das Letras Galegas en 2012.*

*En novembro de 1919 asiste á II Asemblea Nacionalista en Santiago de Compostela con persoeiros da relevancia de Ramón Cabanillas, que co tempo sería Secretario Municipal en Moaña, Peña Novo, Lousada Diéguez ou Castelao.*

*Licenciado en Dereito, de volta a Vigo incorpórase ao bufete de Adolfo Gregorio Espino. En Nadal de 1923, ao pasar a rexer a alcaldía de Vigo este último, deixa o despacho a cargo de Roberto González Pastoriza, o que fai que aumente o seu prestixio e recoñecemento social.*

*Casou coa pianista viguesa María Luísa Sanjurjo, falecida en 1949, con quen terá dous fillos: Roberto e Margot.*

*A finais da década dos 20 exerce de letrado externo tanto do Concello como da Caixa de Aforros de Vigo e comeza as súa colaboración nos xornais Galicia e El Pueblo Gallego, ás veces baixo o pseudónimo Gonzal Pastor.*

*Participa na acción política de 1930 integrándose no Grupo Autonomista Galego, baixo o liderado de Valentín Paz Andrade, sendo membro directivo e bibliotecario. Na Segunda República intégrase na executiva da Agrupación al Servicio de la República, xunto con outro grande amigo, o arquitecto Manuel Gómez Román. En 1931 entra no Partido Galeguista e en 1936 apoia a decisión de se integrar na Fronte Popular. Tanto nos anos republicanos como despois da guerra tivo grande amizade con Castelao.*

*Coa constitución das primeiras corporacións democráticas é nomeado letrado do Concello de Vigo, actividade que exerce ata a sublevación militar en 1936.*

*D. Roberto González Pastoriza promove e participa na constitución da Asociación de Avogados de Vigo en novembro de 1932, chegando a ser un teórico do dereito civil, partidario da elaboración dun corpus legal que recollese o dereito consuetudinario galego no ordenamento xurídico. Como xurista foi un dos asesores de Alexandre Bóveda para a redacción do Estatuto de Autonomía e o seu nome encóntrase na delegación galega que entrega en Madrid o texto do Estatuto no verán de 1936.*

*Tras o golpe de Estado, Pastoriza é detido en Vigo e liberado axiña grazas á mediación de Adolfo Gregorio Espino. Porén, exerceu a defensa dos principais cargos políticos da cidade (o alcalde Emilio Martínez Garrido, o socialista Heraclio Botana, o deputado Bilbatúa ou o sindicalista Apolinar Torres, entre outros) nun consello de guerra sumarísimo que os condenou a morte.*

*Na posguerra, tanto el como o seu fillo colaboran cos xornais La Noche e Faro de Vigo, con artigos case sempre de temática xudicial e administrativa.*

*En 1947, por mor de participar da Unión de Intelectuais Libres, foi xulgado por un tribunal militar. Aínda que a causa foi sobresida por falta de probas, D. Roberto sería desterrado a Verín, onde residiu uns anos até retornar a Vigo para montar o seu propio despacho.*

*En 1948, foi elixido membro correspondente da Real Academia Galega. Quixo renunciar ao posto coidando ser máis xusta a escolla de Eugenio Elices Gasset, mais, finalmente, entrarían na institución os dous colegas. Dentro da Academia Galega defendeu a variante dialectal do Morrazo e aplaudiu a aparición dos primeiros libros de aprendizaxe do galego.*

*Na década dos 60 promoveu a creación do Centro de Estudios Comité de Derecho Marítimo, en Vigo, participou en actos da Fundación Penzol (institución á que doará parte da súa importante biblioteca) ou da*

*Asociación Cultural de Vigo.*

*Despois do remate da Ditadura Franquista, na Transición, participou na reivindicación do Estatuto de Galicia e da amnistía xeral. En 1978 recibe a Cruz Distinguida de Primeira Clase da Orde de San Raimundo de Peñafort que recoñece a traxectoria profesional.*

*Creemos que D. Roberto González Pastoriza simboliza unha traxectoria representativa dos tempos que lle tocou vivir: o tránsito dunha persoa nacida nunha Moaña de subsistencia económica agrícola e mariñeira, que aproveita a súa formación educativa para se transformar nun personaxe que amplía o horizonte existencial, profesional, social, cultural e político nun Vigo onde Moaña se reflicte e complementa: unha urbe mariñeira, industrial e comercial que comezaba a facer o efecto de cidade imán (como a describira nos anos 30 do pasado século o arquitecto Palacios) sobre a súa periferia do sur de Galicia.*

*Dende Vigo, a cidade máis relevante e dinámica da Galicia do século XX, sempre con billete de ida e volta ás terras altas de Moaña ou á paisaxe de area e salitre do Con, D. Roberto González Pastoriza pensou unha Galicia democrática e culta, por dereito e con dereito propio: é pertinente lembrar que parte das melloras que gozamos no século XXI como se existiran dende sempre, como a liberdade, a democracia, a autonomía, o Estado de dereito ou os dereitos da lingua galega, teñen algo que lle agradecer a quen, coma el, fixeron posible a semente do cambio e a modernización, a un custo moi importante, en tempos de ditaduras, carencias, intolerancias e destellos.*

*Así o recordamos, como unha fotografía de neno con berce en Moaña e home de oficina en Vigo, unha persoa que tivo e cultivou un soño moañés, vigués e galego, que as seguintes xeracións recibimos como un agasallo dos que nos precederon.*

*Moitos anos despois, co agradecemento da sociedade moañesa, é de xustiza recoñecer o mérito, o labor e a traxectoria de D. Roberto González Pastoriza, concedéndolle o título de Fillo Predilecto de Moaña. Moaña, 13 de maio de 2014*

➤ Intervén don Xosé Manuel Millán, quen traslada aos membros do PP o pésame polas tráxicas acontecementos producidos onte que ocasionaron o falecemento da Presidenta da Deputación de León. Lamenta estes feitos. Indica que o BNG como xa manifestou na aprobación inicial, apoia esta iniciativa para designar fillo predilecto de Moaña a Don Roberto González Pastoriza. Quere agradecer a Irmandade Xurídica Galega a súa iniciativa, xa que don Roberto González foi esquecido maila a súa traxectoria. Indica que don Roberto non foi un personaxe de primeira magnitude do galeguismo, pero dende os anos vinte amosou unha peripecia singular con un grande prestixio persoal e profesional e defendendo o galego nunha época na que falar galego era discriminado como unha lingua de incultos e paletos. Foi unha persoa de prestixio que defendeu a lingua dos pobres. Tivo unha gran relación con figuras como Castelao, Alexandre Bóveda, Valentín Paz Andrade. Destaca a súa firmeza na durante a II República mantendo a súas ideas. Tras o 18 de xullo do ano 1936 converteuse un exiliado dentro do seu propio país. Don Roberto González representa toda unha xeración de galegos que case conseguen un salto histórico para o noso país. O BNG recorda tamén a Alexandre Bóveda, amigo e compañeiro de don Roberto González Pastoriza que colaborou na elaboración do Estatuto. Algúns tras o 18 de xullo de 1936 perderon as súas vidas polas súas ideas progresistas. Recordamos tamén a Castelao, Ánxel Fole, Osorio-Tafal, Rafael Dieste, Luis Seoane, galegos que foron a forza deste país. O BNG vai a apoiar o nomeamento de fillo predilecto pola súa obra, vida, dedicación e sufrimento que viviu nesa época don Roberto González Pastoriza. Felicita a Concelleira de Cultura por ler un texto en lingua galega.

➤ Intervén dona Marta Freire quen da lectura a un escrito que entre para a súa constancia na acta e que literalmente di:

Como portavoz do Grupo Socialista quero amosar as nosas condolencias ao PP pola cruel traxedia acontecida en León, así como condenar e rexeitar calquera tipo de acto violento.

Cefindonos ao punto que hoxe imos tratar, o nomeamento de Roberto González Pastoriza como fillo predilecto a título póstumo, dende o grupo socialista damos os nosos parabéns à Irmandade Xurídica Galega por ter impulsado esta iniciativa e agradecemos que fixera copartícipe ao Concello de Moaña de este nomeamento.

Para os que pertencemos a unha xeración nova e que non tivemos o pracer de coñecer en profundidade a biografía de Roberto González foi unha honra adentarnos, grazas a esta proposta, nos seus logros, nas súas fazañas e empaparnos de seu ben facer.

É enriquecedor homenaxear a figura dun home comprometido con Moaña e cos seus veciñ@s, un home comprometido con Morrazo tal e como amosa a súa defensa da variante dialectal do Morrazo, e dun home que sobre todo estaba comprometido con Galiza e coa identidade do pobo galego.

Falar de Roberto González Pastoriza significa falar de galeguismo e de republicanismo. Dúas señas de identidade que el defendeu no seu día nunha época moi convulsa no noso país, e que outros seguimos defendendo anos despois e que non renunciamos a elas.

Para o grupo socialista esta persoa é digna de tal nomeamento, por ter unha vida vinculada co noso pobo, coa nosa vila , e porque tivo un peso importante na nosa terra. Entre outras cousas foi membro da Real Academia Galega e foi unha das persoas que entregou o Estatuto de Autonomía en Madrid.

De todos xeitos, gustaríanos que este homenaxe a Roberto González Pastoriza sexa un recoñecemento aos milleiros de homes e mulleres que neste país loitaron pola liberdade e pola defensa dunha identidade, e que sendo coñecedores de que o seu destino estaba en perigo decidiron non permanecer calados. Son moitos os que seguen pendentes de que neste país haxa memoria histórica.

O PSOE manifesta o seu apoio ao nomeamento de Roberto González Pastoriza como fillo predilecto a título póstumo.

➤ Intervén un familiar en representación quen agradece a todos e especialmente a Pepe por ser o impulsor do expediente. Indica que foi un home comprometido co galego e con Moaña e procuraba cos moañeses ter unha dedicación especial. Así o fixo doando ao Concello terreos para o pobo de Moaña. Agradece a todos os Grupos políticos da Corporación do Concello de Moaña, e a seu Alcalde, o apoio manifestado e este agasallo que seguro que o aceptaría de bo agrado.

➤ O Sr. Alcalde agradece a todos os membros da Corporación a súa colaboración e tamén a Don Manuel Rúa a súa labor de documentación.

Sometido o asunto a votación, a Corporación do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete membros que compoñen acorda:

Nomear a **D. ROBERTO GONZÁLEZ PASTORIZA** como fillo predilecto de Moaña, a título póstumo.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 20.34 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE  
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Fervenza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García